



O poeta e artista gráfico **Juan Carlos Mestre** naceu en 1957 en Villafranca do Bierzo. Ten residido en Chile e tamén en Italia, como bolseiro da Academia de España en Roma.

É autor dun bo número de libros de poesía e ensaio, entre os que cabería salientar *Antífona del Otoño en el Valle del Bierzo* (1985), *La poesía ha caído en desgracia* (1992) ou *La tumba de Keats* (1999), polos que recibiu o Premio Adonáis, o Jaime Gil de Biedma e o Premio Jaén de Poesía respectivamente. A súa obra poética ten sido recollida en varias antoloxías como *Las estrellas para quien las trabaja* (2007) ou *Historia Natural de la Felicidad* (2014). Co seu celebrado libro *La casa roja* (2008), obtivo o Premio Nacional de Poesía 2009. De máis recente aparición é *La bicicleta del panadero* (2012) polo que recibiu o Premio da Crítica Española.

Canto ó ámbito das artes plásticas, Mestre ten exposto a súa obra en galerías de España, EE.UU., Europa e Latinoamérica. E ademais de editar libros de artista, ten realizado gravacións discográficas a canda músicos como Amancio Prada, José Zárate ou Pedro Sarmiento.

LA NOCHE

Cúpulas y cigüeñas en mi corazón, eso he soñado. Más allá de mi alma cornos y jaurías y príncipes enfermos entraban en la niebla, pólvora y dominio, bayas envenenadas para los ciervos blancos.

En los molinos abandonados, azor y enebro oscuro, me esperaba la muerte.

Ese humo he soñado, la astucia del invierno y el sollozo azul de los caballos galopando en la nieve.



(JUAN CARLOS MESTRE)

Luns **25** de xaneiro
20:30

ÁGORA

www.centroagora.es

POETAS DI(N)VERSOS



Miguel Mato Fondo





Miguel Mato Fondo naceu en 1953 en Ponteceso, e na súa mocidade trasladouse a A Coruña. É aquí, durante a etapa universitaria, onde se produce a súa entrada no mundo das letras e da axitación cultural. Logo de publicar os seus primeiros poemas na revista "Alén" a finais dos anos setenta, fixo parte do xa mítico colectivo poético que se deu a coñecer na década seguinte a través de varias antoloxías tituladas *De amor e desamor*.

Orientando a súa vida profesional cara a docencia, como profesor de lingua e literatura galega, a súa colaboración e compromiso cultural e literario acompañárono sempre. No entanto, o seu primeiro poemario individual non vai ver a luz ata 2005, grazas ao Premio Fiz Vergara Vilariño: *O whiskey na barrica*; a el seguirá *Terra Fría* no pasado ano.

Alén diso, ten cultivado outros xéneros, maiormente traballos críticos e edicións literarias. É o caso de *A mazá e a cinza* (1976), *A escrita da terra* (Premio Espiral Maior de Ensaio, 1998), *Señardade da luz* (A obra poética de Manuel María) (2011) ou *Transgresión e fragilidade*. Un retrato literario de Lois Pereiro (2011).

WALLACE STEVENS

*alleo a ambientes literarios
nen me deras imaxinado lector
non me pensarías ensimesmado
no recollemento desta tarde gris
e aves ocultas
que erguen o seu canto
sobre rostos e cristais
e o teu poema
a viaxar cara a un norde incerto
onde fican os restos dun naufraxo
e os cadernos de bitácora levan o rol
dos afogados*

*os teus versos iniciaran o camiño
das lonxanías
en lingua estraña souberon trazar
liñas de luz nun serán de horizontes limpos
no que esquecer
a miseria dos tempos
un espazo onde o vento
desatara as follas frías da memoria*



(MIGUEL MATO FONDO)

Luns **25** de xaneiro
20:30

ÁGORA

www.centroagora.es

POETAS DI(N)VERSOS



Juan Carlos Mestre

